

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN VIAXE CULTURAL PARA MAIORES A PRAGA 2019.

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000255

### ANTECEDENTES:

O Concello de Brión realiza desde hai moitos anos unha programación de dinamización que favorece mellorar a calidade de vida dos maiores. Por medio desta prestación xérase un espazo de convivencia e lecer saudable que apoia a promoción social e o envellecemento activo da poboación, así como a ocupación do seu tempo libre de forma saudable, mediante o turismo e o fomento da cultura e a socialización.

Á vista da necesidade de contratar a xestión do servizo de: Viaxe cultural para persoas maiores do Concello de Brión con destino a Praga, iniciouse o expediente de contratación, ao que incorporouse a documentación prevista no artigo 116 do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

Visto que con data 16.04.2019 por providencia desta alcaldía dispúxose iniciar o expediente para a contratación sinalada, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta, por procedemento aberto previsto no artigo 156 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas asinados por esta alcaldía con data 17.04.2019, que se incorporaron ao expediente e que han rexer na adxudicación do contrato.

Vistos os informes preceptivos de secretaría e de intervención, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 117 da LCSP, **resolvo:**

**1º)** Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación do contrato de servizos de: Viaxe cultural para persoas maiores do Concello de Brión con destino a Praga, ao abeiro do establecido no artigo 156 e ss. da LCSP.

**2º)** Autorizar o gasto por un importe máximo de: 51.675,00 euros, IVE incluído, con cargo á aplicación 231.22799 do vixente orzamento, onde existe retido crédito por intervención.

**3º)** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos que constan no expediente.

**4º)** Designar á Mesa de Contratación, que terá a seguinte composición:

- . Presidencia: O alcalde ou concelleiro/a que o substitúa en caso de imposibilidade de asistencia.
- . Vogais:
- . Javier Nieves González, secretario.
- . Beatriz López de Castro García, interventora.

-. María Victoria Varela Rodríguez, traballadora social.

-. Secretaria: Berta Rey Nieto, auxiliar administrativa.

**5º)** Realizar a licitación mediante publicación de anuncio no perfil de contratante do Concello, debendo presentarse as ofertas **única e exclusivamente de forma electrónica**, a través da plataforma de contratación do sector público estatal na que se encontra integrado o perfil de contratante do Concello.